



RESOLUCIÓN

Expediente núm.: 6886/2022

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Mediante Decreto da Alcaldía 2022-2268 do día 13 de decembro de 2022 aprobouse a convocatoria e as bases do proceso de selección dunha (1) praza de persoal laboral fixo discontinuo, Oficial Seg. Conductor/a do Grupo Municipal de Emerxencias, categoría Oficial, grupo IV, no marco do proceso de estabilización de emprego da Lei 20/2021.

As bases publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 27/12/2022 e o seu extracto no DOGA e no BOE de 30/12/2022.

Rematado o proceso selectivo o Tribunal Cualificador publicou na Sede Electrónica do Concello de Cangas e na páxina web municipal a proposta de contratación.

Por todo o exposto e de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

RESOLUCIÓN

PRIMERO.- Aprobar a proposta do Tribunal respecto da contratación como persoal laboral fixo discontinuo, Oficial Seg. Conductor/a do Grupo Municipal de Emerxencias, categoría Oficial, grupo IV ao candidato YAGO REFOJOS GARCÍA con DNI n.º ***11562*.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ao candidato proposto para a formalización do contrato no prazo dun mes a partir da publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, previa presentación da documentación acreditativa dos requisitos establecidos na base sexta.

No caso de que o candidato proposto estea en situación de incapacidade temporal, o prazo para a formalización do contrato comezará a partir do día seguinte hábil á data de finalización da baixa médica, que deberá acreditar. Quedan exceptuados do disposto neste parágrafo as situacións derivadas da maternidade ou paternidade, que poderá tomar posesión durante esta situación.

TERCEIRO.- Publicar a contratación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Portal de Transparencia e no taboleiro (físico e electrónico) deste Concello.





CUARTO.- Aprobar a lista de substitucións prevista nas bases coa composición e orde seguinte:

1º	LUIS RODRÍGUEZ VIDAL	***13640*
2º	MARINA JANEIRO PARDO	***84563*
3º	JULIO CÉSAR RODRÍGUEZ PIÑÓN	***76700*

Os chamamentos que se efectúen seguirán a orde da listaxe garantindo que todas as persoas que o integran vaian cumprindo por esta orde o mesmo número de chamamentos progresivamente. Este chamamento efectuarase dun xeito que permita deixar constancia da recepción do mesmo. A renuncia inxustificada ao chamamento suporá a exclusión da listaxe. A renuncia por causa xustificada deberá acreditarse documentalmente e suporá que se pasará ao seguinte aspirante da listaxe sen exclusión daquel de tal xeito que poderá volver ser chamado novamente cando seguindo a orde lle volva a tocar. A imposibilidade de contactar co interesado suporá que se pasará ao seguinte aspirante da listaxe, se esta imposibilidade se repetise en dúas ocasións igualmente suporá a exclusión da listaxe.

QUINTO.- Comunicar ó Departamentos municipais de Persoal, Intervención, Tesourería, Comité de Empresa e Xunta de Persoal ós efectos oportunos.

RECURSOS/ALEGACIÓNS

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, poderase interpoñer un dos seguintes recursos:

- Con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra ou, a súa elección, o que corresponda ao seu domicilio se este radica en Galicia, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

